



# PLAN DIXITAL

## CEIP AS FORCADAS

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
- 3.3. Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1 Datos básicos do centro

CEIP AS FORCADAS (15013230)

R/As Forcadas S/N 15114 Corme-Porto

[ceip.asforcadas@edu.xunta.gal](mailto:ceip.asforcadas@edu.xunta.gal) \_

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasforcadas>

Etapas educativas: infantil e primaria.

Alumnado: 53

Profesorado: 6

Horario lectivo: 9:35-14:35

Horario de apertura polas tardes: 16-18h

### 1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Corme é unha vila na provincia de A Coruña, situado na parte norte do estuario da desembocadura do río Anllóns . Forma parte da Costa da Morte e está sita no municipio de Ponteceso.

A vila de Corme está esencialmente dividida en dous centros de poboación. O principal é coñecido como Corme - Porto (nome completo en galego sería Nosa Señora dos Remedios Corme Porto). A súa poboación diminuíu lixeiramente desde 1999 cando tiña 1.434 habitantes. O segundo centro de poboación sería Corme - Aldea (o seu nome completo en galego sería " Santo Adrán de Corme "). É unha pequena aldea distribuída en 7 entidades de poboación segundo o censo de 2004. A poboación tamén diminuíu lixeiramente desde 1999, cando tiña 475 habitantes.

Tanto dende a dirección coma no resto de integrantes da comunidade educativa hai unha fonda concienciación pola necesidade de introducir no centro un uso crecente e axeitado a todos os niveis das tecnoloxías dixitais. Este Plan Dixital debe constituír un paso importante para que nos vindeiros cursos esta circunstancia sexa un obxectivo máis do noso Proxecto de Centro. Deste xeito o profesorado leva nos últimos anos participando en PFPP que proporcionan ferramentas dixitais de nivel xeral e básico na contorna escolar. Sempre priorizando nas aplicacións de carácter corporativo.

A partir do curso 2022-2023, grazas a este Plan Dixital, na Programación Xeral Anual incluíranse un amplo abano de aspectos relacionados coa presenza das tecnoloxías dixitais dentro do centro.

### 1.3 Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

### 1.4 Proceso de elaboración

Para a elaboración deste Plan logrouse a participación de case todo o profesorado do centro a través dun PFPP. Tamén foi vital a actividade coordinada da asesora ADIX coa mestra que ostenta a coordinación TIC no colexio. A través de varias sesións de traballo, realizouse unha análise da situación actual do centro e das realidades pretendidas en materia dixital para posteriormente marcar os obxectivos a través da elaboración do Plan de Acción e finalmente redactar o dito Plan.

O proceso foi parello en contidos e tempos aos que foron realizando o resto de centros escolares e déronse todos os pasos para que a elaboración servise para ter un documento útil e de futuro.

## 2. Situación de partida

### 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### 2.1.1 Infraestrutura:

O centro dispón de conexión á rede en todo o recinto. De antigo xa tiña unha rede wifi que mostraba problemas de conectividade no edificio de infantil pero que funciona correctamente no edificio de primaria. Dende hai dous cursos, a través do proxecto Escolas Conectadas implementouse unha segunda rede wifi que funciona só con identificación por usuario e contrasinal da Xunta de Galicia.

Tamén contamos con tomas físicas rj45 nas dependencias de dirección, sala de armarios de rede, sala de profesorado, aula 11, aula 2 (informática) e conserxería. Como **liñas de voz**, o centro dispón de tres liñas: unha para dirección, unha xeral e unha no edificio de infantil. Todas funcionan a través de datos, é dicir son liñas VoIP.

Resumo de infraestruturas de conectividade:

Conectividade por fibra de Movistar

- Rede wifi
  - ED1501320
  - edu.xunta.es (Escolas Conectadas)
  
- Rede cableada
  - zona de administración
  - sala de profesorado
  - conserxería
  - biblioteca
  
- Liñas de voz
  - 881880929 Dirección
  - 881880930 Xeral
  - 881880931 Educación Infantil

### 2.1.2 Equipamento:

Sistemas informáticos:

Obsoletos:

Hai varios equipos na aula de informática e nalgunha dependencia que son moi antigos o que fai que teñan moitas dificultades para funcionar con aplicacións básicas na práctica cotiá. Non é recomendable o seu uso para a práctica docente. Tampouco parece axeitado inverter en actualizalos, xa que os elementos fundamentais (procesador e placa madre) non van permitir mellorar ata rendementos válidos. Na actualidade poden ser empregados para traballar como editores de texto.

A continuación pódese ver a listaxe de ordenadores do centro con carencias importantes inventariados en XADE:

N.º Rex	Artículo	Ubicación	Data de recepción
000001	Ordenador pc1	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000002	Ordenador pc2	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000003	Ordenador pc3	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000004	Ordenador pc4	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000005	Ordenador pc5	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000006	Ordenador pc6	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000007	Ordenador pc7	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000008	Ordenador pc8	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000009	Ordenador pc9	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000010	Ordenador pc10	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000012	Ordenador BE1	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000014	Ordenador Or	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000015	Ordenador pc12	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000018	Ordenador BE2	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000019	Ordenador BE admin	Aula 2 (informática)	01/01/2009
000096	Ordendor pc14	Biblioteca	01/05/2009
000120	Ordenador pc16	Aula 7 (Departamento Orientación)	11/05/2011
000121	Ordenador pc11	Aula 2 (informática)	01/01/2009

Actualizados:

A continuación pódese ver a listaxe de ordenadores do centro con bo funcionamento inventariados en XADE:

N.º Rex	Artículo	Ubicación	Data de recepción
000149	Ordenador mestres	Sala de profesores	08/01/2015
000156	Ordenador pc20	Aula 2 (informática)	30/04/2017
000157	Ordenador pc21	Aula 2 (informática)	30/04/2017
000158	Ordenador ABALAR	Aula 5 (ABALAR 5º-6º EP)	01/09/2015
000159	Ordenador portátil BE	Biblioteca	26/11/2018
000163	Portátil Lenovo V15 ADA nº1	Aula 13 (EI)	01/10/2020
000164	Portátil Lenovo V15 ADA nº2	Aula 3 (1º -2º EP)	01/10/2020
000166	Portatil Lenov V15 IGL	Aula 6 (3º-4º EP)	10/09/2021

Por servizo:

**Aulas Dixitalizadas- 10 de 16**

- PDI
  - 1 aula 5 (abalar 5º-6º EP)
  - 1 aula 13 (grupo de 4ªa 6º EI)
- Proxectores
  - 1 aula 1 (aula de música)
  - 1 aula 2 (aula de informática)
  - 1 aula 3 (grupo de 1º-2º EP)
  - 1 aula 4 (sesións de relixión para EP)
  - 1 aula 5 abalar (grupo de 5º-6º EP)
  - 1 aula 6 (grupo de 3º-4º EP)
  - 1 aula 9 (aula de inglés)
  - 1 aula 13 (grupo de 4ªa 6º EI)
  - 1 aula 15 (sesións de música para EI)
  - 1 aula 16 (usos múltiples)
  - 1 biblioteca (actividades do equipo de biblioteca)

Ademais contamos con 60 tabletas Lenovo M10 con sistema operativo android (2 GB ram+ 32GB) cedidas pola ANPA As Forcadas e doadas por unha empresa internacional que traballa dentro da localidade. Isto permite cada curso asignar unha a cada alumno/a para o traballo relacionado coa contorna escolar.

**Proxecto E Dixgal- Non**

**Equipos de traballo de xestión administración de centro - 0**  
**Equipos de xestión de biblioteca - 1 ordenador**  
**Equipos na biblioteca - 2 ordenadores**  
**Equipos na sala de profesorado - 1 ordenador**  
**Equipos ultraportátiles para aula móbil - 0**  
**Aulas TIC - 1 aula de informática**  
**Dotacións de proxectos específicos - 0**

0 centro tamén conta con equipos de reprografía:

- 6 Impresoras/fotocopiadoras
  - 1 b/n en dirección Lexmark E350d
  - 2 entrada edificio primaria
    - b/n Ricoh 2501
    - color Brother MFC-L8690CDW
  - 1 b/n na aula 7 (departamento orientación) Lexmark E350d
  - 1 b/n sala de profesorado Lexmark E350d

Sistemas audiovisuais:

1 Cámara de fotos/video kodak AZ422 Pixpro  
Sistema de audio interior unificado en todas as dependencias  
Sistema de audio exterior zona patio primaria con 4 altosfalantes  
Sistema de audio hifi en aula 16 (usos múltiples)  
Sistema de PA (Public Address-Dirección Pública en español)  
4 micrófonos Shure SM58

Mesa de mesturas xenyx 1622 FX de Berinhger (12 canais)  
Mesa mestura xenyx 802 de Berinhger (6 canais)  
2 altofalantes Berinhger B512 de 600w cada un  
4 previos de micrófono Mic 100 tube Ultragain de Berinhger  
4 caixas DI 100 Ultragain de Berinhger  
cables jack e xlr

#### Sistema de gravación

Micrófono de condensador Rode NT1-A

Tarxeta de son externa Focusrite Scarlett Solo

Dous reprodutores de DVD, un na aula 4 e outro na aula 16

### 2.1.3 Servizos dixitais corporativos:

Web- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasforcadas>

Aula Virtual- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasforcadas/aulavirtual>

Galería de fotos- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasforcadas/galeria>

Comunidade escolar Agueiro- <https://agueiro.edu.xunta.gal>

EspazoAbalar e AbalarMobil- <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar>

### 2.1.4 Xestión e mantemento:

A xestión e mantemento do equipamento será realizado pola figura do/a coordinador/a TIC. Esta coordinación contará coa colaboración da dirección e do resto do profesorado.

### 2.1.5 Protocolos educativos:

As directrices deste Plan Dixital entroncan co Plan de Continxencia en caso de educación a distancia.



## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

### A) SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,5
	Alumnado	--
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3
	Profesorado	2,8
	Alumnado	2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	3,5
	Alumnado	4,6
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,7
	Alumnado	--
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,2
	Profesorado	3,9
	Alumnado	--
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,7
	Alumnado	4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	2,8
	Alumnado	--
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3
	Alumnado	4,2

## B) Informe de Competencia Dixital do profesorado:

### Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	3	4	75%
<b>PROVISIONAL</b>			
<b>INTERINO</b>	2	2	100%
<b>SUBSTITUTO</b>			
<b>DESPRAZADO</b>			

### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
96,2	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>EI</b>	99	Experto/a (B2)	66,2	Integrador/a (B1)
<b>EP</b>	95,5	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)

### Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		
<b>A2</b>		
<b>B1</b>	2	40%
<b>B2</b>	3	60%
<b>C1</b>		
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	5	100,00%

## C) Outras fontes: Non se empregaron

## 2.3 Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1.- O centro conta con dispositivos suficientes como para iniciar o uso frecuente e sistemático dos mesmos na aula ( C.1, C.2, C.3). 2.-Contamos con amplios espazos e boa conectividade en todas as estancias (C.14).	1.-Buscar mecanismos que seguricen os datos dixitais máis sensibles. (C.7) 2.- Actualizar os dispositivos existentes no centro.
	PERSOAL DOCENTE	1.- Participación maioritaria e consensuada (D.2, D.3). 2.- Recúrrese moito a ferramentas na rede para uso e creación (E.2). 3.- Empréganse medios dixitais para a comunicación (E.4). 4.- Aproveitamos a enorme oferta de recursos na rede de software libre (E.5). 5.- Atendemos as necesidades individuais (F.3, F.4, F.5). 6.- Uso da tecnoloxía dixital para facilitar a avaliación (G.3, G.7, G.8).	B.2 1.- Faise necesario determinar no proxecto educativo do centro en que aspectos comúns da práctica docente e no proceso de aprendizaxe do alumnado facer uso das tecnoloxías. 2.- O noso centro debería procurar unha maior apertura a colaborar con outras organizacións. 3.- Pouco uso de Entornos Virtuais de Aprendizaxe (E.3). 4.- Falta afondar no uso da tecnoloxía dixital como medio para interconectar as distintas disciplinas (F.6). 5.- Máis retroalimentación (G.5, G.6, G.9, G.10). 6.- A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 96,2 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1.-Temos moi boa dotación de equipos para o alumnado (C.8, C.10). 2.- Traballamos sobre un uso seguro das tecnoloxías dixitais (H.1, H.3, H.4, H.8).	1.-Falta capacitación técnica en programación e mantemento de equipos (H.11, H.13). 2.-Necesidade de dedicarlle máis tempo á formación (H.7). 3.- Hai que traballar máis sobre o uso das aplicacións corporativas da Xunta(H.6, H.10).
	FAMILIAS	1.-Boa predisposición para formarse en sesións programadas dende o centro educativo.	1.-Necesidade de formación en materia dixital 2.-Descoñecen como usar as tecnoloxías de xeito saudable. 3.Uso escaso das aplicacións corporativas de ensino virtual. 4.- Entender os equipos do alumnado como material escolar.
	OFERTA	A.3 Nos últimos cursos promovese a participación de grupos de traballo para unha maior capacitación dixital.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1.-Pouco profesorado é máis sinxelo de coordinar para traballar na mesma dirección (A.2). 2.-O alumnado con necesidades beneficiase da suficiente dotación de equipos (unha tableta por alumno/a). (C.15) 3.-Boa saúde da web do centro.	1.-Falta definir a estratexia dixital. (A.1) 2.-Falta unificar procesos comúns.( C.11,C.12) 3.-Falta uso de aplicacións que faciliten e obxectiven a avaliación.(B.1) 4.-Falta apertura a colaboracións externas.(B.4) 5.- Na actualidade temos pouco catálogo de fondos da biblioteca accesibles a través da rede.C.16

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1.-Recursos corporativos cada vez máis adaptados ás necesidades dos centros. 2.-Ampla oferta de formación e capacitación dixital.	1.-Precisamos unha mellor asistencia técnica (adaptada á practica educativa e cun maior coñecemento dos equipos que usamos)(C.5) 2.-Carga horaria excesiva. (A.4)
	LEXISLACIÓN	1.-Marco de actuación definido.	1.- Maior conciencia sobre o uso de material con dereitos de autor (A.5).
	CONTORNA	1.-O alumnado é partidario do uso da tecnoloxía e constitúe un foco de motivación.	1.- O uso de dispositivos persoais, en principio, carece de sentido se o centro dispón de dispositivos funcionais que equilibran as diferenzas económicas entre familias.(C.13)
	ANPA	1.-Moi colaboradora.	1.- Intromisión non construtiva dos procesos docentes no contexto de aula.
	OUTRAS ENTIDADES	Formación. Adquisicións. Recursos educativos.	Propostas comerciais descontextualizadas das necesidades reais do centro.

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento da actualización do Plan Dixital.

#### 3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Para a determinación dos obxectivos seguíronse unha serie de fases:

- 1º Emprego dos datos do DAFO así como a análise das diferentes áreas do SELFIE.
- 2º Análise dos datos de competencia dixital do profesorado no presente curso.
- 3º Elección dos obxectivos de entre unha listaxe dos considerados máis relevantes e/ou de maior urxencia. O Método empregado foi o consenso entre o profesorado involucrado na elaboración do Plan Dixital.

#### Obxectivos:

- Incrementar o uso das TIC no centro educativo.
- Crear un banco de recursos educativos na Aula Virtual do centro.
- Revisar e actualizar os equipos informáticos.

Nas táboas do Anexo pódese ver ata onde se pretende chegar con cada obxectivo, así como os elementos necesarios para poder controlar o seu logro (indicadores e accións).

### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Por infraestructura dixital enténdese o conxunto de actuacións impulsadas pola administración para dotar aos centros educativos públicos das condicións de conectividade tanto internas como externas, necesarias para o desenvolvemento do seu labor, nomeadamente:

- Infraestructura de datos (conectividade a internet).
- Infraestructura de voz (telefonía).
- Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede.

Por equipamento enténdese o conxunto de dispositivos tecnolóxicos cos que conta o centro para o desenvolvemento das funcións docentes.

Dentro do equipamento dispoñible hai que ter en conta o material enviado desde a administración de xeito ordinario, o enviado especificamente como dotación pola participación en proxectos corporativos impulsados pola administración e calquera outro existente nos propios centros.

Todo o equipamento terá que estar recollido na aplicación XADE, no apartado de inventario que está a disposición dos centros educativos.

Por servizos dixitais educativos entendemos aqueles que facilitan a xestión docente como pode ser o correo, a páxina web do centro, a aula virtual, espazoAbalar (con todas as súas funcionalidades e aplicacións), contidos educativos, agueiro e o desenvolvemento de proxectos corporativos como pode ser E-Dixgal.

#### **Necesidades de mellora en infraestruturas dixital:**

- Puntos de carga e conexión de equipos á rede eléctrica. Nas aulas hai poucos puntos de toma eléctrica.
- Conectividade por tarxeta SIM para dotar de internet naqueles momentos que o centro realiza actividades lonxe do colexio.

#### **Necesidades de mellora no equipamento:**

As necesidades máis inmediatas a cubrir serán:

**Aulas Dixitalizadas**- Dotar nunha primeira fase de ordenador portátil ás aulas: 7 e 9. Adquisición de pantallas táctiles dixitais de grande tamaño >65 polgadas para as aulas. Dado o elevado prezo valorar adquirir unha por ano contable. Este tipo de pantallas substitúen o conxunto de proxector e pantalla interactiva, que como se sabe xeran sombras e son prexudiciais para a vista cando a luz da bombilla do proxector incide directamente nos ollos. Ademais permiten a interconexión sen fíos co resto de equipos, como poden ser as tabletas do alumnado.

**Proxecto E Dixgal**- Valorar a posibilidade de presentar solicitude no vindeiro curso.

**Equipos de traballo de xestión administración de centro** - Polo momento non se recolle ningunha.

**Equipos de xestión de biblioteca** - Polo momento non se recolle ningunha.

**Equipos na biblioteca** - Polo momento non se recolle ningunha.

**Equipos na sala de profesorado** – Polo momento non se recolle ningunha.

**Equipos ultraportátiles para aula móbil** – Polo momento non se recolle ningunha. Na actualidade cada membro do alumnado conta cunha tableta en préstamo por cada curso para tarefas escolares. Haberá que valorar máis adiante cando estes equipos vaian quedando desfasados.

**Aulas TIC** – Substitución de ordenadores de sobremesa na aula de informática (aula nº2). Moitos equipos xa non permiten visualizar vídeos de internet de xeito fluído. Seguiranse a solicitar ao departamento de equipamento da consellería. De calquera xeito os ordenadores de sobremesa están a perder protagonismo en favor de equipos máis móbiles e compactos que permiten traballar con eles sen estar suxeitos a unha estancia fixa.

**Dotacións de proxectos específicos** – Polo momento non se recolle ningunha.

### 3.3 Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:H. Competencias dixitiais do alumnado						
<b>OBXECTIVO 1 (3):</b>	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado do centro (E3)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Persoa coordinadora TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por docente implicado (Instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non aplica (sen datos previos)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	1 actividade realizada co alumnado na AV por docente implicado e por trimestre			01/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Crear cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro	Persoa Coordinadora TIC	01/10/2022	Aplicación AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Crear e subir a actividade por cada docente	Persoa Coordinadora TIC	15/05/2023	Aplicación AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro	Persoa Coordinadora TIC	15/05/2023	Actividades creadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Traballar co alumnado nas actividades creadas	Persoa Coordinadora TIC	01/06/2023	Actividades publicadas na AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: Recursos educativos						
<b>OBXECTIVO 2 (1):</b>	Crear un banco de recursos educativos na Aula Virtual do centro				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Persoal coordinadora TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de recursos subidos á AV do centro por docente implicado (Instrumento de medida: número de recursos subidos )					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non aplica (sen datos previos)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	3 recursos subidos á AV por docente implicado			01/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Crear un curso e matricular ao profesorado na AV do centro	Persoal Coordinadora TIC	01/10/2022	Aplicación AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Dar formación ao profesorado no emprego da AV do centro	Persoal Coordinadora TIC	15/10/2022	Aplicación AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Desenvolvemento das actividades	Persoal Coordinadora TIC	01/06/2023	Aplicación AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



“Área/s de mellora”: Infraestruturas (C1)						
OBXECTIVO 3 (3):	Revisar e actualizar os equipos informáticos				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de equipos con hardware anterior a 2014 actualizados (Instrumento: memoria TIC)					
Valor de partida (3)	0 % equipos revisados					
Valor previsto e data (4)	75% equipos revisados			01/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1:Determinar as necesidades de cada equipo	Persoa Coordinadora TIC	01/11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2:Instalar os discos duros sólidos e a ampliación da memoria RAM dos equipos obsoletos.	Persoa Coordinadora TIC e dirección	01/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## 4. Avaliación do plan

### 4.1 Seguimento do Plan de Acción

Este Plan Dixital será avaliado unha vez ao trimestre polos responsables para cada obxectivo detallado nas táboas do plan de acción. Esta información servirá, de ser o caso, para reconducir ou modificar os obxectivos pretendidos no inicio do curso.

Ao final do curso escolar, na Memorial Anual se recollerá nun apartado específico a información sobre o grao de consecución de cada obxectivo así como aquelas achegas que dende a comunidade educativa se fixeran para a súa mellora.

### 4.2 Propostas de mellora

Polo momento non se establecen.

## 5. Difusión do plan

Este Plan Dixital será subido ao aloxamento web corporativo do centro. Mediante mensaxe enviada pola aplicación ABALARMOBIL as familias serán advertidas do aloxamento e da posibilidade da súa visualización.